



EXPTE 97/142

ASUNTO.- INFORME RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE SUBVENCIÓNS E DAS CORRESPONDENTES SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDAS NOS ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA PARA O EXERCICIO 2026.

Sr. D. Luis García Álvarez
Director superior contable e
orzamentario
Contabilidade

Seguindo a solicitude do Director Superior Contable e Orzamentario, procédese a emitir informe xustificativo das subvencións nominativas que se incluírían no orzamento municipal para o exercicio 2026 no programa 3340-Promoción Cultural, segundo o listado de entidades e importes que lle foi aportado a esta xefatura por órganos superiores:

LIÑA DE SUBVENCIÓN.-

4.- FOMENTO DE ACTIVIDADES SOCIAIS

4.1. CULTURA

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar programacións culturais que organizan entidades sen ánimo de lucro e/ou empresas, que teñen estabilidade ao longo do ano e un forte arraigo dentro da cidadanía. Estas programacións considéranse en todos os casos de interese público, social e cultural.

Os obxectivos básicos que se perseguen son:

- Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantindo o exercicio de acceso universal á mesma, mediante a promoción e difusión cultural e artística
- Satisfacer as demandas culturais da cidadanía e a potenciación e conservación da artes escénicas e da música nas súas distintas vertentes
- Facilitar o desenvolvemento de actividades, accións e intervencións que contribúan á implantación e difusión da cultura, en especial as relacionadas coas artes escénicas e/ou da música en xeral
- Fomentar a participación activa das entidades sen ánimo de lucro na promoción da acción cultural da cidade, posibilitando o desenvolvemento de diferentes programacións culturais e artísticas
- Favorecer a creación e potenciación de novos públicos no ámbito das artes escénicas e/ou da música, das artes plásticas e audiovisuais
- Apoiar eventos culturais relevantes que se desenvolven no termo municipal e con arraigo dentro da cidadanía
- Realizar actividades relacionadas co cumprimento do Comodato Colmeiro asinado en 2017, co obxecto de potenciar a figura do artista Manuel Colmeiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:50	Páxina 1 de 10
97-142	CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



As subvencións van dirixidas a persoas físicas ou xurídicas, entidades sen ánimo de lucro, empresas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos que se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

No exercicio 2026, segundo a información aportada, incluíranse as seguintes subvencións nominativas:

1.- Sinsaludio SL, B36898369, 7.000 €.

Festival Sinsal

SINSALAUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

2.- Teatro Ensalle SLL, B36920247, 10.000 €.

Programación de teatro

TEATRO ENSALLE é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

3.- Sala Ártika SL, B09950072, 10.000 €.

Programación de artes escénicas e musicais

A Sala Ártika naceu no ano 2014 co obxectivo de achegar aos cidadáns o teatro, converténdose nun punto cultural de referencia na cidade e incluso en Galicia. A día de hoxe, conta con espectáculos todas as fins de semana, incluíndo distintas disciplinas artísticas tales como o teatro (actores, monicreques e obxectos), danza, música, circo, maxia....e tanto para público adulto como para público familiar. Ademais, inclúe programacións destinadas a colexios e institutos, con espectáculos adaptados ás distintas etapas educativas.

Por último, a Sala Ártika cumpre a importante función de sede e lugar de residencia de compañías teatrais da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:50

Páxina 2 de 10

97-142

CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



4.- Culture Lovers S.C., CIF J27830041, 5.000 €.

Festival Internacional Kerouac

O Festival Internacional Kerouac leva celebrándose na cidade de Vigo dende hai 15 edicións, baseado na poesía, a música e a *performance*. Ademais, conta cunha extensión en Nova York e na Cidade de México. O seu obxectivo principal é enchen Vigo de artes, música e poesía, ademais de levar poetas galegos ao outro lado do Atlántico, así como traer poetas de todo o mundo a Galicia, creando pontes e enriquecendo as escenas culturais e artísticas.

O Kerouac tense convertido nunha denominación de orixe da cidade que utiliza a poesía para medrar na súa identidade, para abrirse ao mundo, para ser unha cidade cosmopolita e aberta.

5.- Asociación Cultural Vértixe Sonora, G27751296, 7.000 €.

Festival Internacional de creación contemporánea

ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

6.- Instituto Estudios Vigueses, G27767524, 40.000 €.

Programa de actividades

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudo estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

7.- Cine Club Lumiere, G36758696, 10.000 €.

Programación de cine en versión orixinal

CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:50	Páxina 3 de 10
97-142	CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

8.- Fundación Coral Casablanca, G-27753771, 42.500 €.

Programación de concertos

FUNDACION CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca. Realiza dende hai anos unha programación anual estable de concertos, participando nas principais celebracións da cidade. Ademais, realiza funcións de captación de novos valores da música coral, promovendo distintas formacións dende idades temperás. Así mesmo, está en permanente crecemento coa creación de novos coros.

9.- Orquesta Clásica de Vigo, G36688422, 60.000 €.

Programación de concertos

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con corenta anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

10.- Asociación Amigos da Ópera de Vigo, G36622116, 60.000 €.

Outono lírico

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social. Por este motivo, realiza anualmente programacións estables de ópera, que teñen un alto seguimento dos cidadáns.

11.- Fundación Carlos Casares, G36907244, 6.000 €.

Programa de actividades

FUNDACIÓN CARLOS CASARES é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia. Por este motivo, realiza actividades ao longo de todo o ano para recoñecer e dar a coñecer a figura de Carlos Casares entre a cidadanía.

12.- Asociación de Corais Polifónicas de Vigo-ACOPOVI, G36980928, 205.000 €.

Programación “Vigo, un mar de corais”

ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral. En



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:50

Páxina 4 de 10

97-142

CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



total aglutina a case 40 masas corais da cidade.

13.- ASOCIACIÓN AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO, CIF G27859834, 10.000 €. Actividades de difusión da obra do Pintor Manuel Colmeiro.

Con data 17 de novembro de 2017, asinouse entre o Concello de Vigo e os herdeiros do pintor Manuel Colmeiro un contrato de comodato con compromiso de oferta de doazón de futuras pezas artísticas do legado do artista a favor da Administración Municipal.

A cláusula sétima do dito comodato estipulaba: “O Excmo. Concello de Vigo, no período sinalado na cláusula primeira, e no suposto de que os descendentes legais de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS constitúan a asociación que seguidamente se cita, comprometerase a incluír nos orzamentos xerais municipais de cada ano (período 2018-2027) unha subvención nominativa a nove de tal asociación sen ánimo de lucro (ou ente de similar carácter) que teña por obxecto e finalidade esencial, entre outros, o estudo da obra e figura de MANUEL COLMEIRO GUIMARÁS”.

Dende 2021 os herdeiros do artista teñen constituída unha asociación sen ánimo de lucro denominada “Asociación Amigos do Pintor Colmeiro”, con CIF G-27859834, polo que, en cumprimento do dito comodato, procede a inclusión dunha aplicación orzamentaria de subvención nominativa no orzamento de 2026.

14.- Federación de bandas populares de música de Vigo, G36855906, 233.200 €. Programa “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música”

FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

15.- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, G36791291, 20.000 €. Festa da Cultura e Certame de Teatro Afeccionado

AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades; motivo polo que organizan dende hai varios anos a FESTA DA CULTURA na cidade de Vigo e un Certame de Teatro afeccionado por barrios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:50	Páxina 5 de 10
97-142	CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



16.- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, G36791291, 100.000 €.
Programa “Vente con Nós”

A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, motivo polo que desenvolven dende hai varios anos o programa VENTE CON NÓS na cidade de Vigo que prevé un circuito de actuacións polos barrios e parroquias de termo municipal de Vigo no que participan grupos de música, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á entidade, co obxecto de potenciar, difundir e apoiar o folclore galego.

17.- Conservatorio Superior de Música de Vigo, Q8650014G, 4.000 €.
Festival “Nas Ondas”

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”, que tense consolidado como un referente da actividade musical en Galicia.

18.- Asociación Galega de instrumentos de corda-AGIC, G27761196, 12.000 €.
Concurso de instrumentos de corda

ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, veñen organizando dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo “Cidade de Vigo”, como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e demostrar o nivel interpretativo requirido para a evolución das súas carreiras musicais. O concurso ten ampliado nos últimos anos o seu ámbito xeográfico a toda a Península Ibérica.

19.- Asociación Premios da Crítica, G27847839, 12.000 €.
Premios da Crítica-Galicia

ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA, con máis de corenta edicións realizadas. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:50	Páxina 6 de 10
97-142	CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



20.- Asociación de Música Clásica, G27813286, 40.000 €.

Concurso de piano “Cidade de Vigo”

ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan dende o ano 2017 o CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”, cunha alta participación de músicos de todo o mundo.

A repercusión do concurso a nivel internacional ten crecido ao longo das súas edicións, colocando a cidade de Vigo como un referente xa para todos as/os músicos, crítica, público e profesionais do sector musical.

21.- Federación de Libreiros de Galicia, V15038458, 15.000 €.

Feiras do Libro de Vigo

FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

22.- Agrupación Fotográfica Galega, G36733616, 12.000 €.

Maratón Fotográfico

AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrompidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade, cunha alta participación.

23.- Fundación Sondeseu, G36968741, 12.000 €.

Programación de concertos

FUNDACIÓN SONDESEU xestiona a orquestra SONDESEU OFG, que naceu froito dunha experiencia didáctica levada a cabo no departamento de Música Tradicional e Folk da Escola de Artes e Oficios de Vigo (actual E-TRAD) no curso 2000-2001. Nace como a primeira orquestra estable de Europa con repertorio folk, que interpreta música tradicional arranxada especialmente para unha ampla variedade de instrumentos tales como as zanfonas, arpas, gaitas, voces, percusións, violíns, buzuquis, requintas e contrabaixos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:50

Páxina 7 de 10

97-142

CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Ten realizado actuacións en diversos festivais de Europa, tales como o CeltFest de Irlanda, Etnohelmántica de Salamanca, Celtica Aosta, Intercéltico de Lorient-Bretaña, Teatro Circo Price de Madrid....Ademais, ten liderado a organización, xunto ao Concello de Vigo, a Rede Europea de Orquestras de Folk, auspiciado pola Axencia Europea da Educación e a Cultura.

24.- Sociedade Filarmónica de Vigo, G36652881, 15.000 €.

Programación de concertos

SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai máis de cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.

25.- Asociación KV2211-Orchestra infantil e xuvenil de Vigo, CIF G27860667, 10.000 €.

Tempada musical de concertos.

A ASOCIACIÓN KV2211-ORQUESTRA INFANTIL E XUVENIL DE VIGO naceu co obxectivo de impulsar os instrumentos de corda entre os máis xoves. Baséase no sistema de José Antonio Abreu, músico, economista, político, activista e educador venezolano que fundou a Orquesta Nacional Juvenil de Venezuela e o Sistema Nacional de Orquestas Sinfónicas Juveniles, Infantiles e Pre-Infantiles de Venezuela.

Por este motivo, superan a idea dun simple proxecto musical ao sumarlle un carácter educativo, social e cultural. Ademais, cumpren outro obxectivo: a creación dunha canteira para nutrir ás orquestras profesionais.

Trátase pois dun proxecto singular e novidoso, dirixido a un sector de público especialmente sensible e cuns obxectivos amplos de carácter musical, educativo e social.

26.- Asociación Cultural Abella Producións, G27877703, 6.000 €.

Galician Freaky Film Festival.

O GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL é o evento de cinema e cultura freak definitivo. Un festival que amosa unha coidada selección nacional e internacional de pezas audiovisuais que adoitan verse privadas das canles habituais de distribución. Pezas moitas veces inéditas en Galicia, con grandes estreos mundiais, internacionais e nacionais.

Iniciouse no ano 2017 e nas sucesivas edicións ten acadado enorme éxito de público e crítica especializada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:50	Páxina 8 de 10
97-142	CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grande calidade que aínda non gozaron dunha distribución idónea. Polo tanto, o principal obxectivo desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para creadores/as do sector audiovisual, pero sobre todo un punto de encontro e de debate co seu público natural, o público galego.

27.- Orquestra VIGO 430, G27743475, 150.000 €.

Tempada musical de concertos

ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e, tal e como establecen os seus estatutos, ten como fins sociais “a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais”. Foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. Está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

28.- Club Montañeiros Celtas, CIF G36637890, 4.000 €.

Mostra de Cine de Montaña e Aventura.

Trátase do único festival de cine con sede na cidade que non é organizado ou apoiado por algunha administración pública é que non ten axudas municipais. Responde a un claro interese social, cultural e deportivo cun volume moi importante de cidadáns vinculados a esta actividade.

O **Club Montañeiros Celtas** é unha entidade sen ánimo de lucro, e ten sido un pioneiro en toda Galicia no fomento e promoción dos deportes de montaña e aventura, conta ademais cunha base social moi ampla, os máis de mil socios converten ao Club Montañeiros Celtas no máis grande de Galicia.

Este festival cumpre axeitadamente os criterios de non ter outras axudas públicas e ter desenvolvido xa de forma autónoma edicións pasadas.

29.- FUNDACIÓN MAYEUSIS, CIF G36842490, 60.000 €.

Programa: CONEXIÓNS-VIGO

A Fundacion Mayeuis é unha organización civil declarada de interese galego e cultural sen ánimo de lucro, que desenvolve e promove a música e demais linguaxes artísticas como ferramenta de transferencia de valores para unha sociedade máis bela, máis culta, máis solidaria...Nace e ten a súa sede principal en Vigo, actualmente conta con máis de 3000 metros cadrados adicados a albergar os Centros de Música e Arte Mayeuis, con aulas de Música, Danza, laboratorios e un auditorio cun aforo de 180 butacas e unha versatilidade de espazo que permite albergar hasta 300 persoas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:50	Páxina 9 de 10
97-142	CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O proxecto de Mayeusis nace en 1987 na cidade de Vigo cunha misión atemporal e universal: acompañar ás persoas, aos colectivos e á sociedade en xeral a descubrir a súa identidade, a través da linguaxe artística e en particular da música .

O programa proposto denomínase “Conexións-Vigo” e baséase na acción da Imagine Jazz Orquesta, que ten como obxectivo principal o desenvolvemento e a produción de agrupacións artísticas propias como ponte de integración profesional no mercado e industria cultural de xoves valores nos ámbitos do Jazz, poñéndooos en contacto cos mellores profesionais e pedagogos. Este programa contempla especialmente a inclusión de todas as idades participando dun resultado de excelencia profesional .

A maiores, segundo o decreto de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 28 de xuño de 2024, en materia de Cultura ten delegado “O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e socioculturais; Festival Vente con Nós, Festival Folclórico Internacional de Vigo”, polo que se inclúe a seguinte subvención nominativa xestionada con cargo ao programa orzamentaria 3380-Festas populares e festexos:

ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF G36892271, 115.000 €.

Programa: Festival Folclórico Internacional de Vigo e Día da Muiñeira

A Asociación cultural Interfolc é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

Por este motivo, organiza por un lado o Festival Folclórico Internacional de Vigo creado no ano 1994, co fin de potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas. Por outro, o Día da Muiñeira, evento de enorme arraigo na cidade e recuperado fai uns anos.

Vigo, data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Jesús López Moure

Conformes.-

O concelleiro-delegado de Cultura (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Gorka Gómez Díaz

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

María Carmen Silva Rego



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:50 Páxina 10 de 10
CSV: A9A8D6-BADB2D-49C2A5-9X44JY-SHACAJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>